

PROCESO DE ADMISIÓN

DO ALUMNADO CURSO

2020/2021



ADMISIÓN DO ALUMNADO 2020

1. XORNADA DE PORTAS ABERTAS

2. CALENDARIO DO PROCESO

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

4. VACANTES OFERTADAS

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

6. FORMULARIO DE SOLICITUDE

7. SOBRE A PRESENTACIÓN NOUTROS CENTROS

8. DOCUMENTOS QUE DEBEN ACOMPAÑAR Á SOLICITUDE

9. DOCUMENTOS A PRESENTAR EN CASO DE BAREMO

10. LETRA DE DESEMPATE


11. CRITERIO COMPLEMENTARIO

12. ENLACE A ADMISIONALUMNADO

13. ENLACE Á SEDE ELECTRÓNICA

14. ÁREA DE INFLUENCIA E ÁREAS LÍMITROFES

14. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS



XORNADA DE PORTAS ABERTAS 2020



**CONVIDÁMOSTE A VISITAR O
CENTRO TODOS OS
MARTES DE FEBREIRO DE 16:00
A 18:00 HORAS**

**ESTAREMOS ENCANTADOS DE MOSTRARCHE AS
NOSAS DEPENDENCIAS**

PROCESO DE ADMISIÓN CURSO 2020 /21

2.- CALENDARIO

CURSO 2020 XORNADA DE PORTAS ABERTAS	Martes de febreiro, 16:00 a 18:00h
Data do sorteo público LETRA DESEMPATE	27 de febreiro
Publicación definitiva de postos VACANTES	28 de febreiro
Presentación da SOLICITUDE DE ADMISIÓN	1 ao 20 de marzo
Presentación de documentación no caso de ter que baremar (10 días hábiles)	25 de marzo ao 5 de abril
Publicación de LISTAS PROVISIONAIS de admitidos e non admitidos	24 de abril
Prazo de RECLAMACIÓNS ante o Consello Escolar (5 días hábiles)	25 de abril ao 2 de maio
Publicación de LISTAS DEFINITIVAS de admitidos e non admitidos	14 de maio
Prazo de recurso de alzada ante a Xefatura Territorial	Un mes
FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA en Educación Infantil e Primaria	mes de xuño

Ourense, febreiro de 2020

O director

PROCESO DE ADMISIÓN CURSO 2020 /21

3.- LEXISLACIÓN APLICABLE

Decreto 254/2012, do 13 de decembro polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2012/20121226/AnuncioG0164-171212-0001_gl.pdf

Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2013/20130315/AnuncioG0164-120313-0006_gl.pdf

Orde do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170201/AnuncioG0164-260117-0001_gl.pdf

Ourense, febreiro de 2020

O director

PROCESO DE ADMISIÓN CURSO 2020 /21

4.- PRAZAS VACANTES

(provisionais ata publicación definitiva o 28 de febreiro 2020)

EDUCACIÓN INFANTIL:

4º (3 ANOS)	50 (6 para NEAE)*
5º (4 ANOS)	04
6º (5 ANOS)	00

EDUCACIÓN PRIMARIA:

PRIMEIRO CURSO	00
SEGUNDO CURSO	01
TERCEIRO CURSO	00
CUARTO CURSO	01
QUINTO CURSO	00
SEXTO CURSO	-2

*NEAE: Necesidades Específicas de Apoyo Educativo

Ourense, de febreiro de 2020

O director

PROCESO DE ADMISIÓN CURSO 2020 /21

5.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes serán presentadas na Secretaría do centro.

6.- FORMULARIO DE SOLICITUDES

Facilitado polo Centro ou mediante a aplicación informática admisionalmnado
<https://www.edu.xunta.es/admisionalmnado/>

7.- SOBRE A PRESENTACIÓN NOUTROS CENTROS

As solicitudes presentaranse no centro no que se solicite praza en primeiro lugar ou a través da aplicación <https://www.edu.xunta.es/admisionalmnado/>, co formulario que se publica como anexo I e que será facilitado nos centros e na sede electrónica.

Cada alumno/a só pode presentar unha única solicitude, -na que poderá facer constar ata 5 centros máis por orde de preferencia- no centro no que solicite praza en primeiro lugar. O incumprimento desta norma implicará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

A renuncia a solicitude rexistrada nun centro só se admitirá ata o último día do prazo de presentación de solicitudes, mediante a presentación dunha nova indicando expresamente por escrito que queda sin efecto a presentada con anterioridade.

PROCESO DE ADMISIÓN CURSO 2020 /21

8.- DOCUMENTOS QUE DEBEN ACOMPAÑAR Á SOLICITUDE

Documentación que debe presentarse no momento da solicitude:

- Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar, no caso de que denegue expresamente a súa consulta.
- Documento acreditativo da idade do/da alumno/a: libro de familia.
- Certificado oficial do expediente académico no caso de solicitar a admisión para un curso académico que así o requira.
- Convenio regulador ou resolución xudicial de separación xudicial ou divorcio onde conste a custodia do menor, se é o caso.

Só será necesario presentar a documentación relativa aos criterios de domicilio fiscal, renda per cápita da unidade familiar, condición de familia numerosa e de discapacidade (do alumnado, do/da proxenitor/a, do/da titor/a ou dos/das irmáns/ás) recoñecida pola Xunta de Galicia, cando a persoa interesada denegue expresamente a consulta automática.

Ourense, febreiro de 2020

O director

PROCESO DE ADMISIÓN CURSO 2020 /21

9.- DOCUMENTOS A PRESENTAR EN CASO DE BAREMO

Nos cursos nos que se supere a demanda, será necesario presentar a documentación acreditaiva dos criterios de baremo que indicaron na solicitude de admisión.

10.- LETRA DE DESEMPATE

O 27 de febreiro, as 10:30 h. realizárase o sorteo público a efectos de desempate. Estraeráanse catro letras do abecedario, que determinarán correlativamente a primeira e a segunda letra do primeiro apelido e a primeira e segunda letra do segundo apelido

11.- CRITERIO COMPLEMENTARIO

Reunido o Consello Escolar o día 27 de xaneiro 2020, aprobou non facer uso do criterio complementario establecido no artigo 28 da Orde do 13 de marzo.

Ourense, 27 de febreiro de 2020

O director

PROCESO DE ADMISIÓN CURSO 2020 /21

12.- ENLACE A ADMISIÓN ALUMNADO

<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>

13.- ENLACE Á SEDE ELECTRÓNICA

<https://www.edu.xunta.es/>



PROCESO DE ADMISIÓN CURSO 2020 /21

ÁREAS DE INFLUENCIA DOS CENTROS PÚBLICOS DA CIDADE DE OURENSE.

1

CEIP MESTRE VIDE

Curros Enríquez, incluíndo interior praza Eduardo Barreiros. Rúa do Paseo ata rúa Concordia, rúa Concordia ata rúa do Paseo, rúa Santo Domingo dende rúa Concordia ata rúa Bedoia, rúa Bedoia, Praza de Valle Inclán, rúa Emilia Pardo Bazán dende rúa Bedoia, rúa Xoán de Nóvoa, avenida de Buenos Aires ata rúa Bernardo de Cachamuiña, rúa Bernardo de Cachamuiña, Camiño da Moreira, números pares da avenida Ramón Otero Pedrayo ata o número 8 incluído (camiño da Moreira), rúa das Lagoas. Todas as rúas interiores dentro deste límite.
Áreas limítrofes: as áreas de influencia de CEIP Curros Enríquez, CEIP Manuel Sueiro e CEIP As Mercedes.



14.- ÁREA DE INFLUENCIA

PROCESO DE ADMISIÓN CURSO 2020 /21

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

• ACOLLIDA TEMPERÁ:

De 7:30 á 9:00h para custodia e almorzo do alumnado que así o solicite.

Xestionado polo Concello en colaboración coa ANPA (FAPA OURENSE As Burgas)

Prezo: varía según sexa con ou sen almorzo, fixo ou esporádico e socio ou non socio da ANPA.

• SERVIZO “MÚDAME”:

De 9:00 á 14:00 h, xestionado pola ANPA, para o cambio de muda do alumnado de Infantil.

Prezo anual: depende do número de interesados inscritos.

• COMEDOR ESCOLAR:

COMEDOR ESCOLAR da Consellería:

De 14:00 a 16:00 horas en dúas quendas (195 prazas)

Prezo: en función da Renda (0 €, 1 €, 2'50 € ou 4'50 €)

Empresa de catering . - Sala Gradín

• ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

De 16:00 a 18:00 horas desenvólvense ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES organizadas pola ANPA, coa presenza no centro de profesorado de garda.

As actividades desenvoltas no curso 2019-20 son as seguintes:

- | | |
|--------------------------------|---------------------|
| ➤ Natación (AQA) | ➤ Fútbol sala |
| ➤ Atletismo | ➤ Tenis |
| ➤ Rugby | ➤ Baloncesto |
| ➤ Xadrez | ➤ Multideporte |
| ➤ Voleibol | ➤ Patinaxe (Ocitem) |
| ➤ Bádminton | ➤ Wushu |
| ➤ Taekwondo | ➤ Teatro |
| ➤ Baile&fitness | ➤ Esgrima Histórica |
| ➤ Baile (distinta modalidades) | ➤ English (Educa 3) |
| ➤ Intelixencia emocional | ➤ Pintura |
| ➤ Expresión corporal | |
| ➤ Robótica | |
| ➤ Patinaxe (roller) | |
| ➤ Ximnasia acrobática | |
| ➤ Ciclismo para todos | |
| ➤ Boleivol | |